



Decreto da Alcaldía.- Ourense, na data de sinatura electrónica.

De conformidade co establecido nos artigos 124.4. b) e k), 124.5 e 126.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; nos artigos 43, 44, 120 e 121 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, no artigo 35 do Regulamento Orgánico de Goberno e Organización do Pleno e a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Ourense, en relación co artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público;

RESOLVO

Primeiro.- Revogar o nomeamento do concelleiro *don José Miguel Caride Domínguez* por decreto da Alcaldía núm. 2020003172 do 02.07.2020 como membro da Xunta de Goberno local e concelleiro-secretario.

Segundo.- Revogar a delegación efectuada mediante o decreto núm. 2019006487 do 10.09.2019 no concelleiro *don José Miguel Caride Domínguez* das atribucións relativas á Área de goberno de *INFRAESTRUTURAS, MOBILIDADE E TRANSPORTE*, as cales son asumidas pola Alcaldía. Esta revogación conleva o decaemento no dereito á percepción das retribucións correspondentes á dedicación exclusiva e delegación competencial da Alcaldía aprobada por decreto núm. 2019005406 do 12.07.2019.

Terceiro.- Revogar a delegación efectuada mediante o decreto núm. 2019006487 do 10.09.2019 no concelleiro *don Manuel Álvarez Fernández* das atribucións relativas á Área de goberno de *SERVIZOS XERAIS, TRANSPARENCIA E SISTEMAS DE INFORMACIÓN*, as cales son asumidas pola Alcaldía. Esta revogación conleva o decaemento no dereito á percepción das retribucións correspondentes á dedicación exclusiva e delegación competencial da Alcaldía aprobada por decreto núm. 2019006033 do 16.08.2019 (corrección de erros por decreto núm. 2019006116 do 22.08.2019)

Cuarto.- A presente resolución producirá efectos dende o día seguinte ao da súa sinatura, sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ourense e da Casa do Concello.

Quinto.- Esta resolución serálle notificada persoalmente ós interesados.

Sexto.- Darlle conta ao Pleno da Corporación e a Xunta de Goberno local na primeira sesión que teña lugar.

Sétimo.- Contra este acordo que pon fin a vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o ditou, ou ben, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, sen prexuízo da posibilidade de interpor calquera outro recurso que se estime procedente.

O manda e asina o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, do que eu como oficial maior, dou fe.

O alcalde-presidente
Gonzalo Pérez Jácome

O oficial maior
Carlos Javier Fernández Fernández

